



REGULAMENTO DISTANCIA OLÍMPICA SIN DRAFTING

ORGANIZACIÓN

Club Olímpico de Vedra
CIF B70007513
Ismael García Vázquez Director de Carreira
teléfono 626892480 mail info@oceanlavagalicia.com

Federación Galega de Tríatlon e P.M.

DATA E LUGAR

Cambados 29 de abril de 2018 ás 8:00 da mañá.

Situación dos boxes, área de transición e meta. Muelle de Tragove
Coordenadas GPS: latitude 42°31'8.65"N lonxitude 8°49'12.50"W

Saída da natación
Saída da natación. Rúa Alameda de San Tomé
Coordenadas GPS: latitude 42°30'33.26"N lonxitude 8°49'0.93"W

MODALIDADE

Tríatlon distancia Olímpica sen drafting

1500 metros natación
43 km ciclismo (2 voltas)
10 km carreira a pé (2 voltas)

INSCRICIÓN

Ocean Lava Galicia é unha competición aberta a calquera persoa, nada antes do ano 1998, sexa cal sexa a súa nacionalidade.

Os deportistas que non posúan licenza da Federación Española de triatlón deberán aboar en concepto de licenza de un día a cantidade de 12,00.

Os deportistas doutros países deberán enviar obrigatoriamente no prazo de 7 días dende o momento de realizar a inscrición, un mail cunha certificación da súa federación de posuír licenza e cobertura de seguro internacional, para a proba, a fegatri@hotmail.com. No caso de que dita licenza non dispoña de seguro de accidentes para cubrir a proba deberán tamén aboar a licenza de un día, , 12,00 €.

O importe da licenza de un día aboarase coa correspondente inscrición.

Cada deportista é responsable directo de asegurarse de que non presenta ningún problema de saúde ou contraindicación que impida ou simplemente desaconselle tomar parte na competición.

Inscripcións en distancia Olímpica limitada a 100 participantes

En caso de completarse as 100 prazas na distancia Olímpica sen drafting, e de que existan prazas vacantes na distancia Half, estas poranse tamén a disposición da distancia olímpica, pero sempre sen superar a cifra de 350 inscritos entre as dúas modalidades.

A organización reservase prazas para patrocinadores, invitacións e sorteos.

CUSTE DAS INSCRIPCIÓNS

35,00 € dende o 1 de marzo ao 15 de abril de 2018, ou ata completar inscricións.

PROCEDEMENTO DE INSCRIPCIÓN

A inscrición efectuarase na páxina da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org no apartado [Regulamentos/Inscricións](#) na ligazón habilitada a tal efecto.

O abono da cuota será con tarxeta bancaria a través de TPV

Federados con licenza de ámbito estatal .-

CLUBS.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana [Regulamentos/Inscricións](#) e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRIPCIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas)

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

LICENCIAS DE 1 DIA

Unha vez no apartado COMPETICIÓNs picarase en [Regulamentos/Inscricións](#) para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRIPCIÓN e introduciranse os datos.

(Custe de licenza de 1 día de 12 €+ 35€ Inscrición) Total ingreso 47€.

Imprescindible, para que a inscrición sexa válida, enviar copia do DNI en vigor á Federación (fegatri@hotmail.com)

En caso de inscricións incompletas (falta de documentación) finalizado o prazo de inscrición, estas serán anuladas e non se farán devolucións.

Unha vez pechado o prazo de inscrición estas non admiten modificacións

APERTURA E PRAZO DE INSCRICIÓNS

1 DE MARZO DE 2018 ÁS 10:00 AM

ATA O 15 DE ABRIL OU COMPLETAR INSCRICIÓN.

CANCELACIÓN E POLÍTICA DE DEVOLUCIÓN

ATA O 15 DE MARZO DEVOLUCIÓN do IMPORTE ABONADO.
A PARTIR do 16 DE MARZO NON SE EFECTÚAN DEVOLUCIÓNS

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com , antes do fin do prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se farán devolucións

As devolucións serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

LICENZA FEDERATIVA OU DNI

A licenza federativa con foto e/ou DNI requirirase para ou acceso á área de transición.

PROTOCOLO DE ACCIDENTES

Os participantes sen licenza federativa poderán participar con licenza de 1 día, previo pago de 12,00 € (que se incrementarán ao prezo da inscrición)

Protocolo de actuación en caso de accidente deportivo

HORARIOS

Saída da proba ás 8:00 do domingo 29 de abril de 2018

SERVIZOS AOS DEPORTISTAS

GARDARROUPA

Na zona da saída de natación porase a disposición dos deportistas un servizo de gardarroupa, nos instantes previos á saída da proba. As pertenzas depositadas neste punto serán trasladadas á zona de post meta, onde os deportistas deberán retiralas. Todos os deportistas que decidan utilizar este servizo deberán facelo na forma especificada pola organización.

A organización porá a disposición dos deportistas avituallamento post competición así coma servizo de duchas e vestiarios nas inmediacións da zona de transición.

RESPONSABILIDADES DO DEPORTISTA

O deportista manifesta, e deixa claro baixo a súa propia responsabilidade ao efectuar a inscrición e aceptar este regulamento, que reúne e dispón dunhas condicións físicas, psíquicas e ou dominio técnico necesario para afrontar a competición con éxito e terminar cada segmento dentro dos tempos de corte delimitados pola organización. A posesión da licenza federativa non asegura nin cubre esta responsabilidade.

Así mesmo, **manifesta que durante a proba:**

- Será responsable da súa propia seguridade e da do resto de competidores.
- Coñecerá e respectará ou regulamento de competicións.
- Coñecerá recorridos e circuítos.
- O participante que abandone a competición está obrigado a quitarse o dorsal e comunicalo aos xuíces e oficiais da proba.
- Obedecerá as indicacións dos oficiais.
- Respectará en todo momento as normas de circulación.
- Tratará ao resto de atletas, oficiais, voluntarios e espectadores con respecto e cortesía.
- Respectará o medio ambiente das zonas nas que se celebra a competición, queda terminante prohibido tirar lixo ao circuíto, este feito pode ser causa de descualificación.

RESPONSABILIDADES DA ORGANIZACIÓN

- Comunícase que se realizarán fotos e vídeos da proba, que serán publicados nas webs dos organizadores e en os distintos medios. ao realizar a inscrición, os participantes autorizan á divulgación de fotos e vídeos.
- Club Olímpico de Vedra, con CIF G70007513 como organización do Ocean Lava Galicia, exímese de toda responsabilidade de danos, roturas, extravíos ou substracción de calquera tipo de material empregado para dita proba.
- A organización do Ocean Lava Galicia reservase ou dereito de alterar, modificar ou suprimir algún tramo ou a totalidade da proba, se, por razóns de forza maior ou circunstancias excepcionais de última hora o obrigan a isto (terremotos, epidemias, enfermidades, clima, folgas, guerras, restricións governamentais, ou calquera outro elemento fóra do seu control ou responsabilidade) ou para un mellor cumprimento e seguridade das actividades programadas ou dos servicios contratados. Se fose necesario modificaríase a competición, converténdoa nun duatlon, acuatlón, carreira a pé, etc, pero en ningún caso se cambiaría de data, en último caso suspenderíase.

- No suposto de que coa antelación suficiente houbera que modificar a data da proba por causas alleas á organización como as mencionadas anteriormente (desastres naturais, eleccións, obras no circuíto...), unha vez aberto o prazo de inscricións a organización proporía unha nova fecha. En ningún caso se cubrirán os gastos ocasionados aos participantes nin o importe das inscricións.
- Non se devolverá o importe aboado en casos de cancelación ou por alterar, modificar ou suprimir os itinerarios publicados debido ás causas de forza maior relacionadas nos anteriores parágrafos.
- Ocean Lava Galicia reserva o dereito de modificar ou realizar cambios sen previo aviso.
- Ocean Lava Galicia reserva o dereito de admisión.

REGULAMENTO

O Ocean Lava Galicia Réxese polo Regulamento Oficial de Competición e normativas da Federación Española de Triatlón e Federación Galega de Triatlón vixentes no momento da súa celebración.

REGULAMENTO XERAL DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE TRIATLÓN E NORMATIVAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLON

[Ver Normativas FETRI 2018](#)

[Ver Regulamentos FEGATRI](#)

[Regulamento Oficial de Competición FETRI](#)

NATACIÓN

- O deportista usará o gorro subministrado pola organización.
- O atleta pode nadar no estilo que desexe.
- Pode camiñar ou correr polo fondo ao principio e ao final.
- Pode pararse onde faga pé ou xunto ás corcheiras ou boias.
- Pode situarse ao longo do recorrido, pero non servirse delas para avanzar.
- O deportista debe facer o recorrido marcado
- O deportista non pode recibir axuda externa

REGULAMENTO DISTANCIA OLÍMPICA SIN DRAFTING

- En caso de emerxencia, o deportista debe alzar o brazo e solicitar asistencia. Una vez atendido, o deportista debe retirarse da competición.
- Esta prohibido levar o dorsal no segmento da natación, se non se utiliza neopreno
- As medias de compresión solo están permitidas si se usa o traxe de neopreno.
- As axudas artificiais, tales como o uso de palas, manoplas, aletas, tubos respiratorios, etc. non están permitidas. As mans e pés deben ir descubertos. As gafas de natación están permitidas.
- Cando non este permitido o neopreno deberá levarse indumentaria adecuada que cubra o corpo.

É responsabilidade de cada deportista coñecer os recorridos e regulamentos

NEOPRENO

- O uso do traxe de neopreno pode ser obrigatorio, opcional ou prohibido, en función da distancia e a temperatura da auga. Se a temperatura da auga é inferior a 13°C, non se poderá celebrar a proba de natación.
- A temperatura oficial da auga medirase unha hora antes da saída
- Aos deportistas de 50 ou mais anos estalles permitido participar con traxe de neopreno sexa cal sexa a temperatura da auga.

CICLISMO

- Durante o recorrido ciclista será obrigatorio levar o número de dorsal na bici e no casco.
- Están permitidos os guiadores e acoples sempre e cando non se extendan mais aló do borde dianteiro da roda. os acoples de dúas pezas non necesitan estar unidos pero os extremos deberán estar taponados ao igual que o guiador.
- Os deportistas deben obedecer e respectar as normas de tráfico aplicadas de maneira específica á competición (circular sempre pola dereita)
- Os deportistas que abandonen os espazos de competición por razóns de seguridade, deben incorporarse ao mesmo sen obter ningunha vantaxe.
- Durante o segmento ciclista está totalmente prohibido traspasar a liña central da calzada e deberase respectar o código de circulación en todo momento.

DRAFTING

- Non está permitido ir a roda (drafting). Esta é unha proba NO DRAFTING. Tampouco está permitido bloquear a outros atletas nin progresar sen bicicleta.
- Non está permitido aproveitar a estela doutros vehículos

REGULAMENTO DISTANCIA OLÍMPICA SIN DRAFTING

- Considerarase que un atleta está infrinxindo esa norma, ao desenvolverse a carreira á vez que a half, cando se atope nalgún lugar dentro do rectángulo delimitado por 12 m. de largo e 3 m. de ancho . Esta área coñécese como "zona de drafting". Un atleta pode entrar en a zona de drafting para adiantar ao atleta que o precede. Para efectuar esa manobra ten 25 segundos. o atleta que fose sobre pasado ten 5 segundos para retrasarse 12 m. Non obstante, establécense nas seguintes situacións excepcionais e momentáneas nas que se poderá ir a roda, e sempre baixo a decisión dos xuíces e oficiais que se atopen controlando a proba:
 - a. Nun adiantamento.
 - b. Na zona de avituallamento
 - c. Á entrada ou saída da área de transición
 - d. En xiros pronunciados e por motivos de seguridade.
 - e. Cando un triatleta está sendo adiantado está obrigado a abandonar a zona de drafting do triatleta que le está superando e retrasarse os 12 m. correspondentes. Está prohibido cortar o paso a outro triatleta e como norma xeral circular sempre polo lado dereito da estrada, excepto naquelas zonas sinaladas e habilitadas pola organización.
- A tarxeta azul usarase para as infraccións por "drafting" durante o segmento de ciclismo. O oficial advertirá ao deportista, tras mostrar a tarxeta azul, que deberá deterse en a seguinte área de penalización e seguir as indicacións dos oficiais asignados a esa área. o deportista é responsable de deterse na seguinte área de penalización tras recibir a sanción. *Non deterse na seguinte area de penalización, suporá a descualificación do deportista. 2 Tarxetas azules suporán a descualificación do deportista.*
- No se pode ter asistencia externa de ningún tipo salvo a ofrecida pola organización e os médicos oficiais. o triatlón é unha proba deportiva individual.

É responsabilidade do deportista coñecer os recorridos e os regulamentos

TRÁFICO

O tráfico estará totalmente cortado á circulación de vehículos, estará controlado pola organización, a Guardia Civil, a Policía Local, e Protección civil.

CARREIRA A PÉ:

- Durante a carreira a pé será obrigatorio levar o dorsal en posición dianteira e claramente visible en todo momento, así como calquera outro elemento que o organizador, de acordo co Delegado Técnico considere oportuno (pulseras, dobre dorsal...)

- Pódese camiñar ou correr.
- Non está permitido correr co casco posto
- O deportista non pode usar vallas, postes, árbores e outros elementos fixos para facilitar os xiros nas curvas.

TRÁFICO

O trazado da carreira a pé estará cerrado ao tráfico e correctamente delimitado. Paralelamente ao mesmo circularán vehículos. os deportistas deberán circular polo trazado indicado pola organización, non facéndose esta responsable dos danos que puidera provocar ou sufrir un deportista que salga do trazado establecido.

É RESPONSABILIDADE DE CADA DEPORTISTA COÑECER OS PERCORRIDOS

TEMPOS DE CORTE

Natación: 1h' desde a saída. (9:00 horas)

Ciclismo: 3h 00' desde a saída (natación +ciclismo) (11:00 horas)

Carreira a pé: 4h 30' desde a saída (natación +ciclismo+ carreira) (12:30 horas)

ZONA DE TRANSICIÓN

- Todo o equipamento do triatleta debe ser colocado adecuadamente no lugar asignado a cada participante xunto á súa bicicleta.
- Só está permitido deixar no espazo asignado, o material que vaia ser usado durante a competición. Mochilas, toallas e outros materiais serán retirados.
- En caso de que haxa cesta para deixar o material, esta será utilizada tamén para deixar o material xa utilizado.
- O casco, zapatillas de ciclismo, gafas e outro equipamento de ciclismo, pode estar colocado na bicicleta. o casco ten que colocarse coas correas desabrochadas e visibles fóra do casco.
- Non están permitidas as marcas ou identificacións na área de transición. Estas serán retiradas, ao igual que calquera outro equipamento que non corresponda á competición.
- Está prohibido introducir ningún recipiente de vidro nas áreas de transición.
- Todos os participantes deberán circular polas áreas de transición conforme ao tráfico establecido polo organizador, non estando permitido acortar o recorrido pola transición (cruzando por debaixo dos soportes, saltar sobre as zonas reservadas para cada participante, etc.).
- Para o acceso a dita zona todos os deportistas deberán identificarse coa licencia federativa ou o DNI.

CASCOS

- Ningunha parte do casco pode ser modificada.
- O uso do casco, correctamente abrochado, é obrigatorio desde antes de coller a bicicleta ata despois de deixala na área de transición. Isto inclúe polo tanto, todo o segmento de ciclismo e os recorridos polas áreas de transición en posesión da bicicleta

INDUMENTARIA E EQUIPAMENTO

- Non se pode competir co torso espido en ningún caso. a parte inferior do tronco deberá estar debidamente cuberta. Os dous tirantes da prenda que cubra o tronco deberán estar correctamente colocados sobre os ombros.
- Os uniformes dunha peza son aconsellables, pero están permitidos os de dúas pezas. O uniforme deberá cubrir completamente o torso na fronte. As costas poden estar descubertas de cintura para arriba.
- Non está permitido o uso de auriculares, teléfonos móbiles, vídeo cámaras, gopro ou calquera outro dispositivo Electrónico.

DORSAIS:

- Durante o recorrido de ciclismo será obrigatorio levar o número de dorsal na bici e o casco.
- Durante a carreira a pé será obrigatorio portar o dorsal en posición dianteira e claramente visible en todo momento.
- Os dorsais no Poden ser cortados, dobrados nin alterados de ningunha maneira.
- Está prohibido transferir o dorsal a outra persoa.

CONDUCTA ANTIDEPORATIVA:

Calquera tipo de conducta antideportiva, linguaxe groseira, despectiva ou maleducada cara os oficiais, espectadores e outros competidores está totalmente prohibida.

RESIDUOS

- Todo o equipo persoal e pertenzas do triatleta que utilice en competición, deben permanecer en todo momento en carreira (no seu espazo persoal na área de transición)
- Non está permitido tirar ningún tipo de lixo, roupa, etc en ningún momento da carreira.

APOIOS OU AXUDA EXTERNA

- Os triatletas non poden recibir ningún tipo de axuda, nin externa nin entre si, á marxe da establecida pola organización en determinadas zonas.
- Non está permitido acompañar aos participantes en ningún dos tres segmentos a pé, nin en vehículos nin en embarcacións.
- Só se permite ser acompañado en calquera parte do circuito, incluída a liña de meta de deportistas que estean dentro da competición.

CONTROL DE MATERIAL

Todos os participantes deberán pasar o control de material. Este permanecerá aberto entre as 5:30 e as 7:00 do día 29 de abril de 2018.

- Identificación
- Condicións regulamentarias e de seguridade do neopreno (en caso de estar permitido o uso)
- Condicións regulamentarias da bicicleta e casco.
- A correcta colocación dos dorsais e demais equipamento.

CÁMARA DE CHAMADAS

Todos os deportistas deberán estar ás ordes dos xuíces/oficiais de saída con antelación suficiente para a saída. En función do número de participantes esta pode ser entre 15' o 30' antes da saída, segundo o proceso que se fixe na reunión técnica.

CRONOMETRAXE E RESULTADOS

A proba contará con cronometraxe Electrónica. A organización poderá esixir no momento de entregar os dorsais un depósito en concepto de fianza do chip.

O tempo de cada triatleta empezará a contar desde que sone a bucina de saída ata que cruce a liña de meta, incluíndo as transicións.

CATEGORÍAS

Haberá unha categoría absoluta masculina e outra feminina e outra clasificación por categorías (sub 23, veterano 1, veterano 2, veterano 3 e veterano 4)

TROFEOS, PREMIOS EN METÁLICO

Haberá trofeos aos primeiros clasificados absolutos masculino e feminino e tamén por categorías.



REGULAMENTO DISTANCIA OLÍMPICA SIN DRAFTING

"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono"

PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade coo establecido no "Art. 5 da *Ley Orgánica 15/1999 de diciembre de Protección de Datos de Carácter Personal, por o que se regula o derecho de información en a recogida de datos*" informamos dos seguintes extremos:

Os datos de carácter persoal que nos sexan subministrados no momento da inscrición e outras comunicacións serán obxecto de tratamento nos ficheiros responsabilidade do **Club Olímpico de Vedra e Federación Galega de Tríatlon e PM.**

A subministración de datos é obrigatoria para poder efectuar a inscrición. Non serán destinados a finalidade distinta da que foron facilitados. Así mesmo estes datos non serán cedidos a terceiros, salvo as cesións legalmente permitidas.

Así mesmo, informamos da posibilidade de exercitar os correspondentes dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de conformidade co establecido na "Ley 15/1999" ante Club Olímpico de Vedra e Federación Galega de Tríatlon e PM, como responsables do ficheiro. Os dereitos mencionados Poden exercitarse mediante o correo info@oceanlavagalicia.com.

Durante a proba realizaranse fotos e vídeos da proba, que serán publicados nas webs dos organizadores e nos distintos medios. Ao realizar a inscrición, os participantes autorizan á divulgación de fotos e vídeos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A organización reservase o dereito de anular, modificar o complementar o presente regulamento de competición.

O presente regulamento redactase cumprindo as normativas FETRI e FEGATRI 2018.